

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ABEGONDO

*Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración*

#### ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

**Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración**

O Concello Pleno, na sesión ordinaria realizada o día 19 de novembro de 2020, acordou a aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración.

O anuncio da aprobación inicial foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP núm. 74) do 22/04/2021 e no taboleiro municipal de anuncios por un prazo de trinta días, sen que se producisen reclamacións.

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda elevado a definitivo o acordo plenario inicial, cuxo texto íntegro dos artigos modificados faise público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

#### A.-Tarifas do servizo de saneamento

##### A.1.-Para abonados con servizo de abastecemento

Cota fixa mensual: 1,753 €/ab.mes

Para os m<sup>3</sup> facturados en abastec.: 0,177 €/m<sup>3</sup>

##### A.2.-Para abonados sen servizo de abastecemento

Doméstico e comercial: 15,44 €/ab. trim.

Industrial e obras: 26,48 €/ab. trim.

##### A.3.-Cota de conservación de acometidas de saneamento

Cota mensual: 0,357 €/ab. mes

##### A.4.-Cota por baleirado de fosas sépticas

Por volume da fosa séptica baleirado na EDAR: 6,119 €/ab. mes

#### B.-REALIZACIÓN DE ACOMETIDAS E ENGANCHES

##### B.1.-REALIZACIÓN DE ACOMETIDAS

###### 1.-Acometida normal

Ud. acometida de auga residual formada por arqueta de saída, tubo de P.V.C. Ø 160/5 atm., incluída escavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como conexión a colector existente, para unha lonxitude máxima de 5 m

GABIA EN TERRA: 279,79 €/ud.

GABIA EN ASFALTO: 319,76 €/ud.

GABIA EN BEIRARRÚA: 359,76 €/ud.

GABIA EN ROCHA: farase orzamento para cada caso

###### 2.-Acometida de maior lonxitude

Para las acometidas de máis de 5 metros terase un prezo por metro de exceso para lonxitudes non moi superiores aos 5 m. Para maiores distancias farase un orzamento en cada caso.

GABIA EN TERRA: 20,81 €/m

GABIA EN ASFALTO: 35,85 €/m

GABIA EN BEIRARRÚA: 42,41 €/m

GABIA EN ROCHA: farase un orzamento para cada caso

**B.2.-Taxa de enganche**

– Por cada vivenda ou local: 79,93 €

**B.3.-Cambio de titular e taxa de alta**

– Por cambio do titular

Por cada cambio de titular, previa autorización do Concello: 47,98 €

– Taxa de alta

Por taxas administrativas por todos os conceptos: 39,98 €

Abegondo, 19 de maio de 2021.

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

2021/4256